



Memoria funcional - informe de proposta de modificación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

(Exptes: MA-2026-002 M, MR-2026-003-M, PE-2026-003-M)

Antecedentes

A presente **memoria funcional - informe** de modificación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia vén motivada pola necesidade de dar cumprimento ás obrigas derivadas de ofertas de emprego que está a tramitar esta dirección xeral.

Ofertas de emprego e convocatorias ás que fai referencia a presente modificación:

- Decreto 62/2021, do 8 de abril, polo que se aprobou a **oferta de emprego público** correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia **para o ano 2021** (DOG núm. 73, do 20 de abril).
 - Resolución do 22 de xaneiro de 2024 pola que se **convoca o proceso selectivo** para o ingreso pola quenda de acceso libre e de promoción interna, no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de ciencias, **especialidade de bioloxía** (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro).
- Decreto 198/2024, do 27 de decembro, polo que se aproba a **oferta de emprego público** correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia **para o ano 2024** (DOG núm. 251, do 31 de decembro).
 - Resolución do 18 de xullo de 2025 pola que se **convoca o proceso selectivo** para o ingreso mediante o sistema de oposición, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de ciencias, **especialidade de ciencias do mar** (DOG núm. 162, do 26 de agosto).





Ambos decretos e resolucións corresponden a ofertas de emprego de procesos selectivos para o ingreso no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de ciencias, **especialidades de bioloxía e de ciencias do mar**, polo que **cómpre levar a cabo as actuacións necesarias** para garantir que todas as persoas convocadas para a elección de destino definitivo poidan optar á elección dun posto clasificado no seu subgrupo de pertenza.

Primeiro. Obxecto

O obxecto da presente memoria funcional-informe de proposta de modificación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, consistente na **modificación da clasificación existente de 3 postos** do corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, **escala de ciencias, especialidades de bioloxía e de ciencias do Mar**; mantendo o resto das súas características.

As consellerías ás que afecta a presente modificación son as seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

POSTO DE TRABALLO	SUBG-NIVEL- F. FROV	CORPO/ ESCALA/ ADSC. (anterior-novo)	FORMACIÓN ESPECÍFICA (anterior-nova)
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO			
○ DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL			
POSTO BASE SUBGRUPO A1 MA.C06.00.000.15770.004	A1 20 C	ESV ESV/ ESC1 AXG	
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL			
○ AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA ▪ ESTACIÓN DE VITICULTURA E ENOLOXÍA DE GALICIA (LEIRO-OURENSE)			
XEFATURA SECCIÓN VITICULTURA MR.A11.31.003.32400.003	A1 25 C	ESC1/ESE2 AXG	372 379
CONSELLERÍA DO MAR			
○ CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS CORÓN-VILANOVA DE AROUSA			
TÉCNICO/A INVESTIGADOR/A PE.C99.40.201.36600.007	A1 24 C	ESC2 ESC2/ ESC3 AXG	376 377





CÓDIGOS

ESV	ESPECIAL (ESC. VETERINARIOS)
ESC1	ESPECIAL (ESC. CIENCIAS - ESP. BIOLOXÍA)
ESC2	ESPECIAL (ESC. CIENCIAS - ESP. QUÍMICA)
ESC3	ESPECIAL (ESC. CIENCIAS - ESP. CIENCIAS DO MAR)
ESE2	ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIROS - ESP. ENX. AGRÓNOMA)
372	DOUTORAMENTO EN VITICULTURA (R.I.).
376	DOUTORAMENTO (R.I.).
377	DOUTORAMENTO (MÉRITO)
379	DOUTORAMENTO EN VITICULTURA (MÉRITO).

Resaltar que a presente proposta, dado o seu carácter urxente, non conta coa negociación previa entre a consellería e as organizacións sindicais. Non obstante **esta negociación levarase a cabo, en todo caso**, na mesa de negociación correspondente e con carácter previo á comisión de persoal.

Segundo. Consideracións económicas

O obxecto da presente memoria funcional – informe é a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, consistente na **modificación da clasificación existente de 3 postos** do corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, **escala de ciencias, especialidades de bioloxía e de ciencias do Mar.**

Os postos manteñen o resto das súas características e non **implica custo económico.**

Terceiro. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Debe de constar no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de conformidade co disposto no artigo 14.2.F do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).





Conclusión

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais indicadas anteriormente, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

